

# O ciclo festivo

Dispomos recursos didácticos para traballar co ciclo festivo nos diferentes cursos de Infantil e primeiro de Primaria. O eixo central son as festas populares que celebramos ao longo do ano.

Estes recursos forman parte da guía de estimulación cognitiva do Museo dirixida a traballar áreas cerebrais como gnosis, praxia, linguaxe, cálculo, funcións executivas ou orientación. Deseñada en orixe como unha proposta para persoas con deterioro cognitivo, moito do material é válido en outros contextos didácticos.

Estes materiais son fichas para debuxar, colorear, compor alfombras florais e tamén recursos audiovisuais como bailes e músicas.

Sodes vós quen mellor coñecedes ao voso alumnado, polo que vos animamos a usar este recurso libremente.



**Museo do  
Pobo Galego**



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**



**Deputación  
DA CORUÑA**



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo  
21-22**

→ [Aquí tedes a ligazón á guía.](#) ←

Achegámosvos tamén un relatorio daqueles exercicios que consideramos máis adecuados para este tramo educativo.

## NO OUTONO

A festa protagonista desta época do ano é o Magosto co seu produto estrela: a castaña.

Na páxina 36 tedes unha proposta para traballar a confección de zonchos, colares de castañas propios desta época.

Con este exercicio estaredes estimulando, principalmente, a área do cálculo e a psicomotricidade.

## NO INVERNO

As grandes festas que acolle esta estación son o Nadal e o Entroido.

Dentro do **ciclo de Nadal** hai diferentes manifestacións tradicionais. Nesta guía achegámosvos ás Danzas de Reis, bailes que se fan para pedir o aguinaldo.

Tedes unha proposta de danza de Reis adaptada para estimular o cálculo á vez que traballades a psicomotricidade.

[Aquí podedes ver](#) como traballar con ela. Na guía, o exercicio está na páxina 24.



Museo do  
Pobo Galego



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo  
21-22

Para o **Entroido** propomos estimular a percepción, o sentido artístico, as proporcións ou as cores a través das máscaras tradicionais galegas.

Na páxina 34 tedes unha relación de imaxes de máscaras expostas no Museo. Cara o final [desta ligazón](#) tamén atoparedes láminas baseadas en máscaras tradicionais que podedes usar, entre outras cousas, para colorear.

De seguido, na páxina 35, facilitámosvos láminas para debuxar estas máscaras a través da copia ou da simetría, co obxectivo de estimular a praxia elaborando un debuxo a partir dun modelo.

## NA PRIMAVERA

Ademais dos Maios, hai outra tradición relacionada coas flores que se fai principalmente no momento do Corpus. Son as alfombras vexetais que tapizan moitas prazas galegas.

[Premendo nesta ligazón](#) tedes propostas baseadas en deseños orixinais entre as que podedes escoller para facer a vosa composición. Na páxina 31 da Guía atoparedes algunhas ideas para adaptar e traballar co voso alumnado.

## NO VERÁN

Estamos no momento das romarías e grandes festas dos lugares. Propomos que traballedes cos instrumentos tradicionais que amenizan as festas todas. [Aquí tedes fichas de instrumentos](#) para colorear ou incluso un vídeo para aprender uns pasos básicos do baile solto.

## ADEMAIS....

Na páxina 39 da Guía tedes músicas para usar nos diferentes momentos do ano, polo que podedes reforzar os exercicios con cantigas tradicionais que fan referencia ao Nadal, ao Entroido.....



Museo do  
Pobo Galego



CONCELLO DE  
SANTIAGO



Deputación  
DA CORUÑA



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo  
21-22